

I.- NURIA (ABRINDO O CÍRCULO)

Tal vez o destino foina empurrando, paseniño, ata apoiarse naquela varanda enferruxada, xusto na ponte de peóns que hai por riba da autoestrada, practicamente á saída do núcleo urbano, tan lonxe da súa casa. As lembranzas aparecen diáfanas na súa memoria, facéndoselle incapaz de recordar os pasos seguidos que a encamiñaron a aquel lugar da cidade, tan alleo e sen importancia ata ese momento para ela, pois non reparara nin tan sequera na súa existencia as moitas veces que tiña pasado co coche por baixo, mais agora alí estaba, sendo partícipe das súas vicisitudes, e quizais, que ironía, testemuño dos derradeiros momentos da súa existencia. Pois cun determinado obxectivo enfiara Nuria os seus trementes pasos cara á alí, rematar con todo dunha vez.

Dixérase a si mesma que a próxima vez que lle puxera a man enriba ía ser a derradeira, e xuráralo por esa milésima porción de fachenda que aínda lle quedaba no magoado corpo, por ese case extinto orgullo que loitaba por sobrevivir nese corazón tan estragado e quebrado. Polo menos tiña que ter a fortaleza suficiente para levar a cabo a promesa que se fixera, porque de non ser así, non podería volveuse a ver na imaxe borrosa dela mesma que lle cuspía o espello todos os días e que lle lembraba constantemente o cavorco de desilusións e desesperación en que se convertera aquel matrimonio que a empurrara irremediabilmente cara un profundo abismo de depresión, e onde non vía nin a tenue luz dunha saída salvadora.

Tantas veces, despois de cada humillación, de cada vexación, de cada insulto, de cada palabra cuspidada co estigma do odio e da xenreira, co abuso e a prepotencia, tantas veces. Despois das duchas eternas en bágoas de vapor, por limparse o lixo da vergoña ao ser posuída de tanta covardía que a impedía enfrontarse aos seus medos, trocados, todos e cada un deles, nese infame ser en que se convertera aquel a quen un día, ilusa e soñadora, chegara a entregar un corazón rosado de querenzas e tenrura e llo devolvera envolto en soños murchos e cincentos, en pesadelos diarios de contactos afiados co gume da palabra altisonante, coa friaxe das apertas inexistentes, coa dureza do berro insultante, co lategazo do menosprezo máis ferinte.

¡Máis non! Dixérase. ¡Máis non! Prometérase. ¡Máis non! Pois aínda agromaba no seu peito unha feble semente de dignidade que era arrolada con cada latexo que lle lembraba que aínda seguía viva, e iso era máis do que el podía dicir.

Crava os ollos no asfalto, perdéndose na lonxitude das liñas brancas dos carrís que se unen no horizonte, atravesadas polas velocidades excesivas dos vehículos que pasan bruando baixo os seus pés, achegándose e afastándose dela en segundos. Efémero reflexo no espello acuoso da súa mirada. Proen os ollos de novo e traba nos beizos con forza. Fixérase a promesa de non volver chorar máis, non, nunca máis.

-Por aquel cocho, non, foder, non o merece. ¡Tes que aguantar, Nuria, dixeches que desta vez ías conseguir dominarte, non fuxirás!

Apreixa a varanda con forza, pechando os seus dedos como gadoupas no ferro, tentando dominar os impulsos de fuxida do seu corpo, de afastarse de aquel lugar sobre o que o instinto de supervivencia deu a voz de alarma, pois sabe que algo contra natura está a piques de suceder.

-Eu mando, medo, desta vez, eu mando, has facer o que eu queira.

Murmura, trabando nos dentes ata facerse unha delgada ringleira de sangue, que colorea os seus beizos secos e agretados, insuflándolles vida, como se carmín fose.

Zoa o vento achegando o ruído dos vehículos, o cheiro a pneumático forzado e a goma queimada, o insán alento de CO₂ a tupirille as ventas do nariz, o bruído dos camións no seu esforzo por turrar das pesadas cargas, como bestas acirradas que levarán todo por diante ao seu paso.

Si, Nuria, levarán todo por diante, desbocados, tallando todo signo de vida que se lle atreva a poñer por diante. Que doado sería, ¿verdade? Punto e final. Acabáronse os problemas, o espertar no medio da noite co bater da porta ao sentilo chegar, cambaleando, rosmando intelixibles expresións entre bafaradas etílicas, e ti, engruñada na feble muralla de sabas, pregando para que durma pronto, pero el se apega, co seu cheiro a suor e noxo, buscándote na entreperna seca, nos peitos caídos de falta de desexo, e a túa pel rebélase, erguendo o vello a xeito de defensa, de arreguizo que percorre o lombo, por sentir outra vez a aspereza da súa lingua a lamberte a caluga. Calar. Calar e deixalo facer. Que remate axiña. Que amodore no seu pracer solitario. Apertar a almofada en silencio, cravando os dedos ata que doan e enchoupala da salitre ocular, novamente.

A chuvia intenta ser intensa nunha poalla constante, calando nos ósos coa humidade da roupa enchoupada que se apega á pel, cinguíndose como nova epiderme. E o peiteado desaparece, esfiañándose o cabelo en multitude de guedellas que se espallan ao azar polo lombo, ao compás da auga. As puntas están rotas, descoidadas, ¿canto

había que non se arraxaba a gusto, só para sentirse guapa? Non, ¿canto había que o rímmel e a sombra de ollos só eran utilizados para disimular as mouras cores das inchazóns de tanto golpe? ¿Canto había que agochaba en pos de cor marmelo os mouratóns da faciana, as marcas vermellas das labazadas? ¿Canto tempo había que as engurras agromaran demasiado pronto e o seu pelo insistía en tornarse neboento, con precoces canas incapaces de ocultar? ¿Cando todo cambiou de súpeto e aquel seu príncipe azul, tan efémero, co que compartira visións de futuro mudara no escuro malvado do conto que non daba finalizado? ¿Cando, aquel home que acariñara os seus labios por primeira vez, que pousara nos seus oídos fermosas promesas de toda unha vida xuntos, metamorfoseara nunha besta irracional que non acataba outra cousa que non fose o sometemento total daquela muller que empequenecía como ser humano ante a súa presenza? ¿Canto había que se resignara á submisión, a ser prisioneira na súa propia casa, a enmudecer, a non pensar, a non opinar, a non dicir, a non replicar, a non...? Demasiado cedo, todo acontecera demasiado cedo.

¿E os fillos? Había que aguantar polos fillos. Disimular ata que se poida, díxeráse. Eles non merecen ver isto, ¿que culpa teñen? Pero xa non se pode ocultar máis, Nuria, son pequechos pero comezan a facer preguntas incómodas, a collerte, porque xa non es tan boa actriz e estráñanse de verte sempre a chorar por cada recuncho da casa, de fuxir ao cuarto cando comeza a chegar a hora da súa volta a casa, de que a botella de whisky barato comece a estar máis tempo apreixada a ti que as súas meixelas rosadas.

-¿E por que berra papá?

-Porque... porque mamá portouse mal. Porque mamá non sabe... Porque mamá non pode... Porque mamá é unha...

Polo menos nunca a tomou con eles.

Algo abana á pasarela de ferro, empurrándoa docemente, non pode ser o vento, aínda é feble de máis. Xira a cabeza espertando do seu ensimesmamento, dese cantil que son os seus pensamentos nos que a piques estaba de volver a caer, para non volver a erguerse xamais.

Da outra beira da ponte, unha parella de mozos, moi novos, aínda adolescentes, que se aproximan cara á ela, con pequenos chimpos e alancadas, ríndose a grandes gargalladas. Sube as lapelas da gabardina fucsia e vella que trae como única protección, tentando ocultar o rostro e seca as bágoas co exterior das mans. Disimula mal, tentando

facer como se algún argueiro se lle metese nos ollos, e procura endereitarse, deixar de mirar en fite cara á baixo, que non sospeiten nada, só estou a pasar o tempo, nada máis. ¡Que máis lle dá a eles! Pero pensarán, unha muller de mediana idade, no medio dunha ponte de ferro, por riba da autoestrada, baixo a chuvia e a mirada inerte, no asfalto.

Veñen collidos das mans, parándose de cando en vez no seu tránsito e bicándose con forza, trabándose nos beizos, chuchando un do outro, como se a vida fose demasiado curta para non aproveitala coméndose o un ao outro, ausentes de todo o que os rodea, con descaro, ceibes e provocadores, desvergoñados e obscenos. El explora sen disimulo as curvas dela, moldeando a branduras dos seus *jeans* gastados e rotos, perdendo as súas mans por baixo do seu xersei de la rosada, con dedos áxiles e doces. Ela afásta con risas, facendo intentos de zouparlle, e quitándose as súas mans de enriba, pero deseguida se aferra ao seu pescozo e o atrae canda si, batendo lingua con lingua en interminables segundos para Nuria que procura non mirar, pero non pode evitar asexualos de esguello, enchida de envexa, de celos, de rabia tamén, por non ser ela a que é desexada dese modo, porque eles son felices no inicio das súas vidas e ela só ten un resumo de desgrazas por todo o vivido, por xuntar o seu extremo positivo a aquel reduto do pesimismo no que ela se converteu. Quizais porque se vexa reflectida neles, na mesma estampa, na mesma felicidade, naquela imaxe que case dera por perdida no máis agochado da súa memoria e que agora, ao velos, tenta saír, volver á vitalidade do presente, dicirlle que ela tamén viviu iso, que ela foi a rapaza que se achega, que a olla en fite, sorprendida, cravando as súas meniñas azuis no encarnado dos seus cansos ollos, dicirlle... pero hai xa o que semella un milleiro de anos.

Os mozos paran un intre ao decatarse da presenza de Nuria, inspecciónana cunha fugaz mirada. ¿Quen é...? ¿Que fai...? Sepáranse por instinto, acostumbrados a que alguén lle chame a atención por dedicarse ao descubrimento mutuo con tanta intensidade. Pero a muller non lles di nada, só os mira, intensamente, ancorando os seus ollos case pechados na regaña das pálpebras, buscando aos da moza, e alí queda, dicíndose todo no silencio entre as dúas. Ao mozo moléstalle a actitude da súa compañeira. Murmúralle no oído, amolado e intrigado.

-¿Que che pasa? ¿Coñécela?

Non responde, só permanecen quietas, mirándose. Turra da moza.

-Veña, Lúa, imos, ¿non ves que a vella está como ida?

Déixase levar polo tirón do mozo, continuando o seu camiño, pero co pescozo revirado cara á atrás, sentíndose unidas na distancia por un fío invisible que as enlaza polo iris, con aquela estatua humana que permanece, na súa inmovilidade, no mesmo sitio, no medio da ponte de ferro, baixo a chuvia.

II.- LÚA

Lúa despídese de Carlos cun xeneroso bico na escuridade dunha esquina, agochados de miradas indiscretas ás beiras da súa casa. El aproveita un derradeiro e prolongado apalpamento polas súas incipientes curvas de muller case esculpida. Ela empúxao con forza ao sentir pegadas de alguén que se aproxima. Disimulan torpemente. Só é un descoñecido que pasa por diante, sen prestarlles a mínima atención, pero ela aproveita o momento por dar por finalizada a despedida, xa está ben de arriscarse a ser espiada por algún veciño. Quedan para mañá. El pasará a recollela para ir xuntos ao instituto. Un adeus nun bico nunha palma da man que sae voando. El salta para collelo. Risos. Entra no ascensor.

Pousa a carpeta no van das cadeiras e abre a porta amodo, sen facer ruído. Leo miaña ao sentila entrar e corre lixeiro a rozar o seu pelame polos pés, interrompéndoa no andar. Agáchase e colle ao gato no colo, acariñándoo docemente, mentres lle murmura palabras inintelixibles que fan rosmar ao animal. escoita o son apagado do televisor ao fondo, coma sempre. De seguro que outra vez quedou durmida ante os berros das insípidas discusións do programa de corazón de moda. Achégase ao salón e entreabre a porta con coidado de non facer ruído. A súa nai toquenea no sofá, coa cabeza sobre o peito, respirando coa profundidade do sono no que se entregou por completo. Ten as fazulas amplas e rubias, cheas de vitalidade, a xogo coa redondez da súa faciana, percorrida por múltiples liñas que prometen converterse en engurras en breve. O pelo crecho e excesivamente cincento para a súa idade cae sobre as tempas, tentando unirse en cores ás negruras das olleiras que fan de peitoril dos seus ollos, inchados de tanto madrugar. Acomodouse cun chándal vermello de liñas brancas, que se axusta en demasía ao seu corpo, resaltando os excesos das redondeces que moldean a tea.

Lúa ten o impulso de entrar apagar a tele, ou polo menos poñerlle unha manta por riba, comeza a arrefriar. Pero non o fai por medo de espertala, merece descansar. Sabe que é a primeira en erguerse, moi cedo, deixándolles case preparado o almorzo a pai e a ela. Despois vai traballar, a fregar escaleiras, portais, limpar cristais, chanzo a chanzo, edificio a edificio, corredores interminables, ascensores... E chega antes ca eles

para preparar a comida e logo ha marchar, outra vez, para continuar ata case a cea. Arrima a porta. Descansa.

Enfia cara á cociña. Restos dunha comida tardía improvisada pero que recende delectosa, envolta con coidado en papel de aluminio para que manteña a calor perdida. Os cubertos colocados con orde sobre un mantel de plástico decorado con flores de distintas cores que incitan a comezar a saboreala.

Pai tardará aínda máis, o taller non ten horario. Tamén traballa coma un burro. Vaia dous. Descálzase para poñerse cómoda e ao pousar aos zapatos mollados no balcón tropeza inxenuamente e esvara, caendo de cu sobre o chan, a pesar dos seus rápidos movementos por amortecer o golpe. Revírase enfadada, ¿que diaños...? Un cubo de auga co escurroiro adherido apunta ao causante, a familiar fregona que desliza pola parede ata pousar no seu ombreiro confesa a súa culpa. Lúa ri. As armas da nai, os instrumentos de traballo.

-Vaia, tiñas que ser ti. Precisamente hoxe.

Precisamente hoxe que o profesor de Química falaba da actualidade do ditoso *polonio* nos medios de comunicación, por mor de non sei que asasinato entre espías e servizos secretos á máis rancia usanza dos anos da Guerra Fría entre as potencias dominantes. E aproveitando o suceso, tentaba expandir os nosos coñecementos dos misterios da táboa periódica unindo o dado na clase coa realidade.

-Pois o *radio* e o *polonio* foron descubertos e estudados moi a fondo polo matrimonio Curie, en especial por *Madame* Curie. Recibiron o premio Nóbel de Física polos seus estudos e foi ela a que acuñou un termo que pasou á historia con maior ou menor desgraza “radioactivo”. Unha das mulleres máis brillantes na área das Ciencias, das poucas, case poderíamos dicir, ¿sabiades que tiveron unha filla que tamén acadou o premio Nóbel en ...?

Das poucas. Certo. E unha compañeira, quizais nun principio con máis ansias de interromper a ferverza de fórmulas químicas que se agoiraban e sabedora, pillabana, da propensión do profesor por disertar sobre temas alleos á Química sempre e cando se lle dese pé a tal, cortou as explicacións do docente para protestar con ansias feministas a opresión sufrida ao longo da historia polas mulleres e como ese termo do profesor era xustificable e discutible. E algunha compañeira, tal vez intuindo as intencións da primeira, aproveitou a ocasión para reclamar a xustiza social polo contexto machista da época en que tiveron lugar tales feitos e que era máis digno, aínda se cabe, o levado a

cabo pola señora Curie que o que puideran facer os homes naquelas condicións. E outra, apuntou que seguramente habería moitas máis insignes representantes femininas de ter as mesmas oportunidades de estudo, de ingreso nas universidades da época e se non fosen só instruídas para servir ao home ou meras máquinas de procreación ou limpeza. Que, seguramente, algúns dos homes que si pasaron á Historia, foi aproveitándose do papel secundario das mulleres, pois non cabía dúbida ningunha que se a competencia das mulleres estivese nas mesmas condicións que a dos homes, hoxe estaríamos xulgando aos tempos doutro xeito. E algunha outra compañeira, ergueuse para sinalar que había que ver os froitos se a humanidade fose rexida por outro tipo de leis menos discriminantes, que outro galo tería cantado. E o profesor, apaixonado polo debate e a treboada de ideas e intervencións, actuou de moderador ata que, inxenuo, deulle a palabra ao Mario, esquecendo a estratexia empregada por este para facerse notar con algunha das súas bromas ou comentarios infantís ou fóra de lugar como tiña acostumado á clase.

-Pero se o mellor descubrimento que se fixo en honor das mulleres, e ademais é español, foi a fregona...

E unha vez que foi reprendido e expulsado de clase e, non sen certa dificultade para o profesor, calmado o cúmulo de impropiedades da maioría e os escasos aplausos dunha minoría que intentara rirlle a inoportuna graza, decidiu dar por finalizado o debate e continuar coa clase de Química, non sen antes finalizar dicindo:

-Nestes momentos, ambos sexos temos as mesmas oportunidades de acadar os nosos soños, polo menos nos estudos. E, afortunadamente, nesta sociedade, e aínda que non pareza por todo o que aparece na prensa diaria, segue primando a intelixencia por riba da forza bruta e a ignorancia. Agora, en igualdade de oportunidades, tal vez sexa a hora para as mulleres de resarcirse, de amosar ata onde poden chegar. De feito, hoxe en día, a porcentaxe das mulleres nas universidades comeza a estar por riba da dos homes...

Pero para poder chegar aí, antes que nada, señoras e señores alumnos, terán que superar o vindeiro exame onde lles vai entrar....

Ponlle a comida ao gato aos pés da súa cadeira e senta. Comen con fluidez, sentíndose mutuamente acompañados. Volve ao salón, onde a súa nai continúa a durmir. Obsérvaa quedamente, agochada tras a porta, mentres as palabras e as imaxes da mañá na clase baten nos seus recordos. A súa nai durme coas mans enlazadas, apoiadas no ventre, onde destaca o brillo do anel de casada rodeado de ásperos calos que nunca dan

desaparecido, pero que, a pesar de todo, sempre as sentiu tremendamente agarimosas, doces como a seda, cando lle acariñaba a cara de meniña ou cando a peiteaba, as mesmas que bica o seu pai e ameaza con morder cando xogan como dous pequenos cada vez que se xuntan, nas escasas horas do día en que se ven. Dedos de unllas curtas, non coidadas, quebradas, amordicadas, nunca pintadas, e que só coñecen a constante maquillaxe da lixivia, o perfume artificial e pegadizo dalgún produto de limpeza, a manicura dos baldes de auga a rebordar de espuma, a pasarela dos milleiros de escaleiras de subida e baixada piso a piso, os escaparates dos cristais dun portal abrillantado, onde só está de manequín o seu corpo, de xeonllos doridos e mans agarrotadas, de pel de coiro curtido no labor constante. E o seu rostro, plácido, pero co intenso cansazo cicelado na superficie, idéntico ao daquela muller que viu na ponte, hai a penas unha hora. Tamén ela tiña esculpido as marcas do esgotamento, da rendición, pero non como as da súa nai. As dela eran debidas á monotonía do traballo diario, ás da outra muller eran dun cansazo máis profundo. Transpiraba agonía por cada poro da súa pel, zumegaba angustia e sufrimento. O seu era unha fatiga da alma.

Con coidado, nas puntas dos pés, coma un gato, aproximouse a ela, procurando non espertala e bicouna nas mans, moi superficialmente. Nas mans rudas, afeitadas á fregona, pero tamén a sentir a quentura da súa filla e ao desexo do seu home. Nas mans coa fortaleza dos piares ergueitos que sustentan unha familia.

Colleu a carpeta, os libros, e o mp3, despediuse de Leo cun chisco de ollos e a imitación dun bufido gatuno e pechou a porta amodo. Baixou andando polas escaleiras, a biblioteca estaba a piques de abrir e os exames prometían ser moi duros. “Tal vez sexa a hora para as mulleres...” Dixera. “Tal vez sexa a hora de pasarlle o relevo da fregona a xente coma o Mario...” pensou, e riu, ecoando o sons dos seus risos escaleiras abaixo. Puxo os cascos nas orellas, premeu o *play* na canción aquela das guitarras tan distorsionadas e acompañou á voz da cantante illándose do mundo, chimpando os chanzos de dous en dous, a grande velocidade, “Tal vez sexa a hora...”, mergullada de cheo nos seus pensamentos, sen decatarse de que case tropeza con Sonia, a veciña do terceiro que acaba de chegar ao edificio.

III.- SONIA

Sonia tivo que empregar todos os seus reflexos para botarse a un lado e non ser arrollada por aquel trebón que saía do seu portal, cantaruxando o que semellaba unha canción en inglés e que só na distancia berrou algo así como unha desculpa fugaz. Soáballe a cara, pero non identificaba o piso no que vivía. A penas coñecía aos veciños do inmovible, a fin de contas. Só había un mes que Carlos e ela tomaran a grande e difícil decisión de irse a vivir xuntos, en parella, e entre mudanzas, o pouco tempo de asentamento, o traballo e demais quebracabezas non tiveran practicamente tempo para relacionarse con ninguén. Un saúdo de cando en vez co que se atopaban e pouco máis. ¡Que se relacione o dono do piso! Ademais, aquilo contaba con ser temporal, a primeira vivenda en aluguer, de proba, case, os prezos non daban para máis e a burbulla inmobiliaria, en vez de desincharse, parecía que non tiña problemas de liña nin colesterol, medrando impunemente con obeso descaro especulativo. Se todo ía ben, se ela se mantiña no traballo e a Carlos o facían indefinido, tal vez poderían comezar a pensar o de hipotecarse na súa primeira vivenda polo que lle quedaban de vida, pero as cousas tiñan que ir amodo, pensándoas e con moito tino, aquilo era un paso demasiado longo e que había que asentar ben no chan. Polo de agora non había banco que cedese sen un aval seguro. Os seus traballos temporais, primeirizos, non eran garantía ningunha para ceder un préstamo, e tiñan demasiado orgullo para pedírllelo aos seus familiares ou amigos. Con cabeza...

Igual que o tema do matrimonio. Carlos insistía en que tiñan que botarse para diante, non pensalo tanto, e ela non era que o rexeitase, non era que dubidase dos seus sentimentos, pero tampouco quería que lle pasase como á súa irmá, que xa ía polo terceiro divorcio e tres fillos cadaquén do seu pai, con problemáticas circenses á hora de custodias e demais. Era demasiado pragmática, ou iso lle dicían cada dous por tres, non vivía no momento, sempre as consecuencias. Pero as cousas como son, o matrimonio é un convenio entre dúas persoas nos que o amor non estaba garantido eternamente, e mantelo erguido leva máis traballo do que se pensa. Agora, Carlos era todo o seu mundo, pero a propia Terra sofre cambios climáticos, ¿que non lle pasará a eles dentro duns anos?, só son seguras as sensacións do presente, o futuro pode ser que non o queiramos nin coñecer. E a ela non lle gustaban as sorpresas

-Probamos unha tempada, uns anos, mentres non nos establecemos. Como moito parellas de feito, pero eu de matrimonio aínda non quero saber nada. Xa sei que levamos saíndo moitos anos, case cinco, pero xa o dixemos, só saíndo, non convivindo. Eu teño que estar moi segura. Xa me coñeces.

E xa ves, Carlos. ¿Tiña ou non tiña razón? Un mes cohabitando baixo o mesmo teito e xa levamos máis discusións que todos eses anos que levabamos xuntos.

¿E por que non fregaches? ¡Tocábache a ti! ¿E limpaches o po? Mañá, mañá que de aí non se vai, non, eu non quero vivir nun cortello. Pero non é así, debes planificarte... ¿E a tampa do inodoro, home? ¡Báixaa dunha vez despois de...! ¡Que manía! Tes que pechar a pasta de dentes, sempre a deixas aberta... A aspiradora, eu o parqué, ti a alfombra, ¿canso? ¿e logo eu non? Pois hai que pensar na comida, ¿por que teño que ser eu soa? Pois facemos unha lista... Pois non hai, haberá que ir comprar... A min tamén me doen os pés, pero mañá has ter fame tamén, igual que hoxe e eras ti o encargado de... A cama hai que facela todos os días, e si, ¡sorpréndete! Tamén se mudan as sabas e non o fan soas. Nin a roupa aparece limpa e dobrada por arte de maxia no armario. Non se mesturan as cores, unha lavadora de branca e outra de isto... Pois colles o medidor que hai dentro do bote, deterxente e suavizante en proporción segundo... Téndese así, se non deixa marcas cas pinzas. Eu tamén aborrezco pasar o ferro, eu tamén aborrezco dobrar a roupa, pero ¿a que che gusta collela limpa cada mañá? Márcalle segundo as instrucións, así, ¿ves? É moi sinxelo. ¿Es capaz de entender á primeira un programa novo de ordenador pero non chegas a comprender como funciona o forno nin o ferro da roupa?

E podo comprendelo, si, podo comprendelo, ti traballaches sempre. Comezaches moi novo, non fuches afeito, criado doutra maneira, máis tradicional, si. A nai facía... o pai facía... Pois si, pero mira, os tempos mudaron. Eu tamén pasei toda a vida estudando, ¿ou que pensas? ¿Que o título mo deron pola miña cara bonita? ¿Que o premio extraordinario de carreira danllo a todos? ¿Que no meu currículo non hai noites de insomnio, ollos gastados, esforzo de cóbados e mentes cansas, triunfos e fracasos, risos e choros, sacrificios de anos pasados que xa non han volver? ¡Por milleiros! E agora poden vir os froitos, e teño que aproveitálos, baténdome e loitando con quen sexa.

Así que non me poñas as cousas máis difíciles do que xa as teño. Teño estudos, si, mais non experiencia, e neste mundo onde me movo a competencia é brutal.

Xa che contei, Carlos, o da empresa, e o único que quero e che pido é comprensión pola túa parte e apoio, todo o apoio que poidas darme. Ben sabes o que me gusta agocharme no colo da túa escoita, do teu consello, de sentirte sempre aí, enxugando toda a borralla que levo dentro, para liberarme. Xa che expliquei que é un mundo de homes no que non están acostumados a que unha muller lles diga as cousas, que unha mocíña, por moito enxeñeira saída da facultade que sexa, vaia por aí dicíndolles o que teñen que facer. Nin cos que supostamente son do meu igual me vai mellor... Todos levan moitos anos no allo e, igual que os outros, tampouco van deixar que unha rapaza, por moitos anos de estudo e títulos que teña, reitero, lles vaia cambiar a súa forma de pensar, a monotonía e comodidade do seu traballo, que veña con innovacións e novas tecnoloxías que alixeiren burocráticos pasos que xa deberían estar extintos, pero sobre todo, que lles vaia facer sombra algunha.

Eu son muller, enxoiada e pequeneira. Eu só quero aprender da súa experiencia e mellorar, porque me gusta o meu traballo. Non quero competir. Só quero compartir e expandir coñecementos. Eu achanto e acato todo o que me din, dáme igual, xa sabes que son forte de carácter, que non me arreda calquera mamalón con ton despectivo. As críticas que vexo vir por caprichos ou por maldade, esquézoas, as outras trato de convertelas en construtivas, en mellorar para darlle nos focíños. Eu teño que facelo mellor que os demais, esforzarme moito máis, demostrar que podo ser máis que os outros, todos homes, por certo. Os meus traballos sempre son examinados con lupa, os meus erros son máis grandes en comparación cos dos outros, o meu sempre é censurable, modificable, corrixible... Os dos demais non. Xa sei que estou aínda comezando e non son perfecta, teño fallos... ¡Pero véxoos vir! Nese sorriso malévolo e forzado co que se aproximan, eses ollos de bestas achegándose á presa a abrir e fozar na ferida. En cambio, neles eu non sei, nin digo, nin opino. Eu teño que lindar na perfección, eu teño que demostrar día a día que estou á altura dos meus compañeiros. Eu teño que... ¡já altura! ¡Cando sei que son moito mellor ca eles! ¡Cando sei que teño mellor preparación ca eles! ¡Cando sei que deberían ser eles os que traballasen para min! ¡Decátaste?

E hoxe, aquel capataz pagounas todas. Non, non as merecía, pero buscoume e eu, eu xa non podía máis, Carlos, non podía. Todo o que tiña gardado dentro, todo o que

foi gardado no interior durante este pouco tempo e que permanecía latente para estoupar. Un home rexo, varudo, corpachón. Un home que te imporía incluso a ti. Grande, dúas cabezas por riba miña, de músculos marcados, de barba de anos chea de canas. Un home que podería ser o meu pai, de familia numerosa, de mans curtidas en mil obras e máis grandes ca miña cara, de barriga cervexeira traballada con gañas nas tascas de barrios periféricos. Da vella escola. Deses que facían todo cun par do que fose e nin estudos previos, nin simulacións, nin planos, nin caralladas desas nas que eu me deixo os miolos. A pico e pala e punto. Coa cabicha do cigarro na comisura dos beizos, suando e con medio sorriso. Apoiado na esquina do muro e os brazos cruzados, e unha perna dobrada e a outra xogando cun becho na lama. Coa mirada baixa, mirando aos pés. ¿Decátaste? Case pegados e non me escoitaba. Eu a explicarlle, a xesticular, a darlle os resultados, os motivos, os cálculos, a ISO tal, a ISO cal, a lei esta, a lei estoutra. E el abanando a testa para riba e para abaixo, ocultado no casco de obras. Víalle a cara por baixo da viseira, víalle sen verlla. Ríase, Carlos, estou seguro de que se estaba a rir de min. Estaba agardando que acabase aquela parola para mandarme á merda mentalmente e facerlle o que a el lle petase. Movía a testa, arriba e abaixo... “Si, neniña, si...” ¡Estábao escoitando! Como se mo dixese á cara. E os demais homes ao redor. Eu no medio, dentro dunha muralla de músculos, suor e ferramentas de obra, sentindo na caluga os seus risos mudos, as súas mofas, as miradas de esguello que se intercambiaban dicíndose todo “Si, neniña, si... Veña, vai tomar vento e déixanos de dar a lata”. E así unha e outra vez. Todos os días a mesma actuación. Todos os días o mesmo. Examinei todo o que lles dixeran que fixeran. Nada, todo ao seu xeito. Todo mal. Deficiencias, fallos, fugas, as normas básicas, orzamentos máis elevados... E non puider máis, rompín, algo de min, do interior, o xenio todo, a xenreira acumulada en bola de neve que caeu dende o alto do Everest, a avalancha de todo o meu enfado. Hoxe, non, prenda. Hoxe non. Mantívenme, inicialmente, aproxímeime a eles, moi amodo, tranquila. Amoreáronse ao meu redor. “Outra vez esta a amolarnos”. Mireinos con calma, seria. Mirei para el, ao capataz, fíxeno a miña diana, o obxectivo, o espello no que os demais se deberían retratar, para que os demais se decatasen. Mirei para os bosquexos dos planos, ensinándollos estendidos. Volvín mirar para el. Para os planos. El sorría. Eu seria e muda. Olleino en fite, sen medo, acirrada, comezou a dubidar. Díxenlle docemente, como un murmurio, un trilo dun paxaro.

-Vostede non está a facer como eu lle dixeran.

Non adoitaba contestar, só aguantar incómodo o que eu lle dicía. Pero presentíu algo, debeu notar que algo mudaba, pestanexaba cos ollos, nervioso. Eu mantívenlle a ollada, fixa, atravesándoo, eu medraba a medida que el empequenecía.

-E que eu penso que... –Dubidaba, tremíalle a voz. Inseguro. Lixeiros tatexos. Trababa a lingua. Sentíame superior.

Non lle deixei acabar. Corteino en seco. Púxenme a berrar cara á el. Díxenllas coma puños. De incompetente para arriba e de irresponsable para abaixo e comezou a agochar as orellas, a avergoñarse. Que a experiencia é un grado, claro que o é, que non se aprende nas facultades, pero tamén hai que saber amosala, e saber dicir e facer as cousas. Igual que a educación, que niso podería eu darlle clases con *cum laude*, porque a súa... Púxeno a caer dun burro, a un home que podería ser o meu pai, Carlos, curtido en mil traballos, que con só soprar podería facerme voar. No medio da rúa. Que a xente paraba asustada, quedándosenos a mirar, embobados. Como aquela muller, de peiteado impecable e bufanda de cores, que me observaba sen pestanexar, cos ollos moi abertos, expirando unha mestura de sorpresa e o que eu coidaba era orgullo, unha empatía comigo mesma, como se estivese a unirse mentalmente comigo, apoiándome, insuflándome azos no silencio, empoleirándome máis. Eu co pescozo erguido, teso, cheo de veas inchadas e a cara vermella por non tomar aire e perderme algunha palabra das gardadas por dicirlas. Mirando cara á arriba, cara á esas dúas cabezas que me quita. E os seus homes mudos, coma nun enterro, silencio de cemiterio, sen defendelo. Arrubiou. As meixelas encarnaron como a unha crianza collida en plena faena e que sabe que só lle queda escoitar os enfados dos pais. O mundo caéndolle enriba...

E como auga de maio que lle veu. Despois, cada vez que me vía, escapaba. Tiña que ser un dos seus homes o que viña tratar comigo. Moi dura. Seguramente que o fun, pero senón, comíanme e eu non quero ser papada por ninguén. A ver mañá se non o esqueceu, porque se hai que dicir outras coma estas, dinse e por triplicado se fai falla. Que xa está ben, se así é como queren as cousas, así as han ter. Eu penso seguir ao meu, un sorriso educado e sempre un saúdo de primeiras, que os meus pais son xente humilde pero honrada e ben que me criaron, con educación. E co capataz, hame custar o meu, é pensar nel e sei que se me pon un xesto de noxo e rabia que... ¡Pero xa está ben, e se así o queren os outros pois así...!

Si, Sonia, si. ¿E logo que? A fociños coma onte a noite con Carlos, ¿non? A berrarlle e a berrarlle e ¿non lembrás que te deitaches soa? ¿que foi del? ¿a quen non o

sabes? E durmiría no sofá... Enfadado, canso dos teus berros. ¿E hoxe estará? ¿Lembras pola mañá, ao marchar cedo ao traballo? Fixeches o almuerzo repasando ás présas os planos da nova instalación na rúa tal que a empresa quería, con tanta celeridade que nin miraches se seguía a durmir no salón. Non pensaches nel, Sonia. Só na empresa do carallo e os teus problemas laborais. ¿E ti? Moito falas de Carlos, si. Pero ti... ¿Andas a facer todo o que debes por manter a relación latente? ¿Pos a túa parte como te prometiches? ¿Cedes tanto como a el lle esixes e que por certo, rosmando, pero fai? ¿Esfórzaste tanto coma el? Porque el non é perfecto, e amola, amola moito. Non fai as cousas como ti queres, nin está acostumado e ás veces ata trabas a lingua por chamarlle parasito doméstico. Pero estao intentando, ¿si ou si? Ao principio non sabía facer nada, pero cedeu, cedeu moito e pouco a pouco... Non estivo ben, Sonia, non estivo nada ben o de hoxe, nin o de onte, nin o de antonte. Porque son moitas, ¿eh? Non lle botes a culpa ao *stress* ou a presión a que estás sometida, porque culpa tamén tes. El tamén traballa tanto ou máis ca ti. Tamén ten as súas, coma todos. Non era para berrarlle tanto onte pola noite, non era para dicirlle esas cousas. ¿Que era? ¿A preparación para o de hoxe co capataz? ¿E agora? Chegas ao xantar e... e se non... e se Carlos... ¡Oh, meu deus!

Sonia sobe as escaleiras ás présas, incapaz de soportar máis a lentitude do ascensor, petando cos tacóns con moito estrondo nos chanzos, como se fosen mensaxes en código morse de SOS, e que, por favor, os malos pensamentos nos que comeza a sumirse fuxan no éter dun pesadelo, por un troco da cálida carnalidade de Carlos agardánda.

As chaves caeron varias veces duns dedos que tremían demasiado e se negaban a obedecer as orden dun mando cerebral tan asustado. O bolso esvaraba polo brazo, os planos xogaban a querer limpar o chan, o seu corazón, a probar a consistencia da súa gaiola de costelas. Abre a porta e o silencio asolaga todo o piso. O tic-tac do reloxo da cociña a darlle as boas tardes dende o fondo do corredor. Un corredor que dende a entrada nunca se lle parecera tan longo e interminable. E aos lados, as probas de lume, o dormitorio, o baño... ¿estarían alí aínda as súas roupas? ¿a súa maquiña de afeitar, o seu cepillo de dentes? Non podía entrar neles, non podía... A cociña, ao fondo... Pousou os planos e o bolso, descalzouse. Arrastrou os pés pola alfombra, mol e acollidora. A cociña... ¿Como será? ¿O típico? ¿Unha escota nota despedida, escrita sen tempo e sen saber que dicir? ¿Unha ferverza de defectos e acusacións suxeitas cun imán na neveira,

na mesa, baixo algún vaso inocente? ¿Nada? ¿Un baleiro deses que son os que máis doen? ¿Unha mensaxe no contestador, unha chamada cando menos o espere? ¿Nada?

¿Nada! Nada hai na neveira e sobre a mesa, dous cubertos postos cos seus dous pratos, dous vasos e dous anacos de pan, dúas cadeiras baleiras agardando e dous panos de mesa perfectamente dobrados sobre os pratos. DOUS.

Recendo. Comida. O forno bota quentura, hai algo asándose que cheira que alimenta. “¿Como non me decatara antes...? Os nervios...” Un golpe súpeto de aire e un ruído que racha o silencio. A porta do balcón que se abre á súas costas. Unha faciana de sorpresa.

-¿Sonia? ¿Xa chegaches? Non te sentín...

-Esta... estabas no balcón...

-Pois si. ¿Por que? Había unha lavadora feita e tiña que colgar a roupa. Tocábame, ¿non? Pechei a porta porque entraba algo de friaxe e acabo de fritir as patacas e non quería que...

Ela abalanzouse sobre el. Colgouse do seu pescozo e bicouno con forza, intentando reprimir as bágoas que o proído dos ollos forzaban a brotar.

IV.- ROSA

-Adeus, Lucas, un bico. Pásame a recoller ao redor das oito e lembra que hoxe teño que levar a nena xunto ao mamalón, así que ao mellor chego tarde. Irei pola autoestrada despois de comer, a ver se así...

-Tranquila, muller. Veña, non te preocupes por min. Ti vai amodo que prefiro esperarte unha hora que toda a vida.

Non. Se por ti non me preocupo, non. ¿Que me hei preocupar? Se ti es un anxo que me caeu do ceo, todo delicadeza e corrección. Ti, Lucas, que es a miña segunda oportunidade, a que nunca tiven crido poder aferrarme... Preocúpome por ela, por esta vida que lle tocou vivir á pobriña. Que non pode ser, home, andar cunha criatura dun lado para ao outro. Miña rula, co problema que ela ten. E se naceu así, non lle hai que facer, hai que querela como é e punto. Ese desgraciado...

Tiña que terllas dito como a rapaza esa de hoxe a mañá, que daba gusto vela. Rodeada de homes, todos serios e coa cabeza gacha, apandando co trebón que se lles viña enriba con aquel fervello de nervios que lles cuspía catro verdades. Daba gusto mirala. Quedei apampada no sitio, pensando en min mesma e o que me tería cambiado a vida de ter esa capacidade de reaccionar no momento, con esa precisión e seguridade. Cada verba que dicía era como se a soñase eu, enfiándollas ao mamalón, unha a unha, petándolle nas tempas así, paf, paf... unha a unha... ¡Que xenio! ¡Canto daría eu por ser así! Por ter ese carácter e esa forma de ser admirable, facendo achantar a quen se te poña por diante, con catro palabras... Outro galo cantaría... Ese desprezable...

¿En que estaría eu pensando o día que casei con el? Encheume os miolos de andrómenas, claro, tan nova como eu era. Dezanove anos, comía o mundo a dentadas e chega el cos seus aires de novo rico a cortarme as ás. Todo un home feito e dereito. Traxado, brillantina no peiteado impecable, executivo de falares lixeiros e engaiolantes. Cartos a esgalla. “Vaia *partidazo* que tes aí, Clara, este arránxache a vida e xubiláte con vinte anos da perruquería”. De nena a muller, así, de súpeto. Adeus pais, a berrar e impoñer normas a outra. Ola miña casiña, as miñas normas. E futuro tiña e aínda ten, que seica a empresa na que traballa segue coma sempre. Farturenta. Que nivel de vida nunca nos faltou.

Todo foi ben mentres estivemos solos. El traballaba e traballa todo o día, eu a encargarme da casa. Non me queixaba. Tan nova non as pensas. Unha mociña e xubilada do traballo coma quen di. Non era algo que me gustase, sempre fun moi independente, pero tamén tiña a comodidade da xuventude, o non ter vivido e visto todo. Mira, estaba soa todo o día, facía o que me viña en gaña, sacaba cartos cantos me petasen e podía gastar a meirande parte do tempo en cousas que me gustasen e aos malos vicios, calquera se arrima. Aproveitei para percorrer todas as tendas de zapatos da cidade, son a miña debilidade máis poderosa, para que negalo. Cheguei a ter un par de zapatos de cada unha das tendas, todas diferentes. Case tiña para cada día do ano. El non pedía contas e eu non llas daba. Foron anos de excesos e desbarates. Cabeceña tola asolagada pola abundancia...

Pero comezamos a distanciarnos xa a penas aos dous anos. ¿Motivos? Os de sempre: celos, infidelidades, aburrimiento un do outro, desenganos de tanta idealización, enchenta de tanta mentira, falsidade, tanto traballo, tanto ocio, outras mulleres, outros homes, etc, etc. O de sempre. Nin el o negou, nin eu tampouco. Moito ría cando chamaban da empresa: “¿Señora Narváez? ¿Rosa Narváez, por favor? Ola, boas tardes. Son a secretaria do seu home. Chamo no seu nome para comunicarlle que esta noite ten que viaxar de xeito urxente a Madrid por requirimentos da nosa central. Pedime tamén que o desculparse por non facelo de forma persoal por...”. De forma persoal xa llo ías facer ti, ¿non, pendanga? ¡Que pouco orixinal, coa secretaria! Nin foi a única, nin eu quedei quieta, por suposto. Tamén eu as fixen e as gocei. Así durante máis de cinco anos. Foi unha relación de respecto a fin de contas, e con máis liberdade que noutras: ti fas o que queres, eu fago o que quero. Iso si, de cara á galería, fieis como os que máis, que na empresa está mal visto, que aos meus vellos non lles ha gustar, están moi delicados de saúde.

Pero mira ti que sen comelo nin bebelo, cando menos o esperabamos, chegou a nova. Non sei nin como. Algún desas supostas e raras simulacións de reconciliación regadas de mentiras doces, cansazo e aborrecemento, supoño, con irrefreable paixón desbocada impulsada por unha botella demasiado compartida. Un fallo. Un accidente. ¿Quen sabe? Falamos. Falamos moito. El xa non quería que a tivese, ¿para que? Isto vai mal, un fillo non nos vai unir máis. Mellor seguir como ata o de agora. Claro. É sinxelo dicilo cando ti non levas a vida dentro, cando non sentes que agroma algo aí nas entrañas. Que eu sentino. Quizais eran os punteiros do reloxo biolóxico ese que me dicían que agora era o momento, non sei. O que si sei é que despois de falar de abortar

eu puña instintivamente as mans no ventre e sentía algo, un aquel que me facía estremecer o corpo e revelaba unhas ansias cada vez máis grandes de crear vida.

Unha nena preciosa, bonita como ela soa. Cuns cabelos dourados, encrechados, e apegados á cabeciña, coa forma de bicos, coma cos que eu a enchía. Cunhas fazulas vermellas e pretas, chamando polo petisco, e uns olliños tan vivos, tan vivos...

Nada máis nacer xa llo detectaron. A súa capacidade cerebral. Os seus mioliños. “Evolucionará fisicamente como unha nena normal, pero intelectualmente, meniña para sempre.” Para sempre.

E non, non nos uniu máis. Distanciounos como nunca eu pensara. Un ano máis aguantamos. A carga, chegoulle a chamar o desgraciado. Ese día non aguantei máis, collín as maletas e funme para casa dos meus pais. Desprezar así a unha filla, algo que ten parte de ti, que necesita do teu cariño, dos teus aloumiños... Sempre a aborreceu, nin cumprir coas fines de semana quería. Avergoñábase dela e non a mencionaba sequera. ¿Unha filla, tes unha filla? Que vou ter, que vou ter... ¡Nin ó bautizo foi! Dende que nacera, non quería falar dela, nin tocala. Escapaba dela como se fose un monstro.” Non se bautiza, non, cando ela medre xa o elixirá. ¡Déixame agora de parvadas que ando moi ocupado con...!” ¡Co carallo! ¡Con iso é co que andabas ti ocupado! Aumentáralle de súpeto o fodido traballo, as horas na empresa, “Non é factible... Non podoo... Éme imposible... É que teño... Hai reunión de...” ¡Pero se non a tocaba nin a vía! Son capaz de dicir que se foron tres veces ás que a colleu no colo xa foron moitas, e obrigado. Escapaba dela como da peste, ¡da súa propia filla! Eu bauticeina. Non son moi crente, pero a nena debe ser como a dos demais, e se de verdade hai algo, por min que non sexa, que eu cumprín. Durante os cinco anos de separación non preguntou unha vez por ela, nin un agasallo, nin se está viva, nin nada.

Eu volví á perruquería coa Verónica sen que me custase moito cambiar de novo o nivel de vida. Traguei o orgullo e tapei os oídos dos ruxeruxes das galdrapas que non querían deixarme en paz. ¡A traballar e fóra!

E de súpeto, mira, que quere o divorcio. Nunca pensáramos niso. Total, de casados vivíamos igual. “Si, legalidade, é que aínda estamos unidos e eu ao mellor, pois teño por aí unha amiga que anda moi empeñada e eu xa ves, quizais sexa a hora de sentar a cabeza...” ¿Queres o divorcio, meu rei? Doucho, eu doucho con tódalas gañas do mundo. Que se non o pensei eu antes foi porque nin se me pasara pola cabeza en

xuntarme de novo, que contigo xa me quedou aí un resentimento cara aos homes que nin os trago. Aínda que ben, Lucas, si, Lucas é distinto. Con Lucas si que quizais...

¿Quérelo? Moi ben, pero heiche foder. Non, non quero absolutamente nada económico. Comigo, nada, para min case que morriches, pero a túa filla, si, túa, necesita un pai. Quero que sexas un pai. Quero que a recoñezas como tal, non só legalmente como está nos papeis, que te involucres na educación e na súa crianza. Fins de semana, só fins de semana. ¡Fódeste! ¡Lévala e preséntaslla ás pendangas coas que andes! ¡Que saiban con quen se axuntan! Ou aceptas, ou non hai divorcio e ademais reclamo ao xuíz que ti non participas na súa educación, ¡que mira que fago a proba do ADN! E xa sabes o que hai. Un xuíz, un xurado e toda unha tropa vendo e escoitando como un home que vive folgadamente tenlle noxo á súa propia filla. ¡A min danme igual os cartos! Os poucos que dás, non duran nin quince días. ¡Non, neno, non! ¡A min non me mercas! ¡Xa che digo que non quero máis cartos! ¡Quero que apandes co teu, que participes na crianza! Que a queiras, aínda que sexa obrigado.

Se a coñeces, desgraciado... Se só a escoitases. Se a premeses contra o teu peito, escoitar os seus sorrisos, mirar á profundidade deses olliños azuis que ten, tan fundos, que parece que vas afogar neles, examinando todo o que a rodea coa curiosidade do que está a coñecer un novo mundo, a súa delicadeza, a suavidade e o recendo da súa pel de anxo. Ás veces olla para min, como se fose sabedora das súas deficiencias, das súas limitacións, e algo preme no meu interior, que teño que trabar na lingua para non chorar e outras veces, poucas si, pero as que quedan aí, na retina, para sempre, esas veces na que como un milagre parece que é unha nena como as demais, xogando e absorta nas súas cousas. Pero...

-Rosiña, ¿que fas?... Rosiña, olla para a mama. Mira o que teño, mira...É para a nena linda. Si filla, para ti. Mira Rosiña, fai o favor, anda...

E ela mira e mira de fronte, alí, á branca parede, vendo algo que eu non podo ver, que só está no seu maxín, atravesando os muros, sen pestanexar, abrindo aqueles ollos como océanos, saíndoselle das órbitas. ¡Miña prenda! ¿Que haberá no teu mundo que tanto de aferra a el e te leva deste?

Ás veces, só ás veces, gustaríame ter unha visión do que ela percibe, só unha pequena sensación para comprender os seus feitos, as súas reaccións, os seus desexos.

Por momentos penso que o consigo, que realmente conecto con ela, co que ela sente, pero cando a miro en fite e ela me devolve esa ollada perdida, baleira, artificial, entón... sei que non.

Tan difícil mergullarme nos seus pensamentos e tan sinxelo amosar a pureza do seu espírito, a inocencia da súa ánima.

Como eu lle digo ás veces, acirrada, desesperada e sorríndolle, “Para min es un anxo caído neste lamazal. O meu anxiño”. Si, transparente e túrbido, un anxo de metacrilato.

E ela ri.

A nena move a cabeza adiante e atrás unha e outra vez, insistentemente, como as agullas do reloxo, marcando uns segundos inexistentes, un tempo desprezable no seu mundo atemporal.

A nena aproxímase á parede e afástase dela sen pestanexar, mantendo sempre a mesma distancia en cada movemento, gravando na súa ollada a brancura da nada, porque o que a rodea non existe, é silencio e brétema.

Mais na mesta néboa, de cando en vez, aparecen sombras, siluetas en movemento que desprenden calor, que lle transmiten unha fonda quentura da que moito gusta, que a circundan por completo con forza, apreixándoa contra unha superficie branda, na que escoita un continuo tum-tum, e ao seu ritmo, nota unha sensación de seguridade e ledicia da que lle é difícil desprenderse, pero logo dun tempo, marcha. Vaise esmorecendo a quentura e a sombra, e volve a nada. E ela agarda. Agarda porque sabe que vai volver. Ata o de agora, sempre volveu. Aínda que a ela lle gustaría ter algo co que pintar ás sombras, para que sempre estivesen alí e nunca marchasen, para poder así, escoitar aqueles ruídos femininos tan doces: “Rosiña, Rosiña...” Porque cada vez que os escoita, vén a quentura. E busca ela na parede as sombras, unha e outra vez. E busca ela na néboa aquela luz en forma de son, aquel ruído tan agradable que a envolva de novo na calidez.

Mais agora, dende hai un tempo, apareceu unha sombra nova, máis escura e máis grande, e canda ela vén o silencio. Unha mudez que a fai tremer de anguria, desexando volver con todas as súas forzas á seguridade da voz feminina.

Mamá te quere, Rosiña, mamá te quere moitísimo. Non poñas esa cariña, anda. Se é só unha tempada. ¡É que non podoo filla, estou esgotada!. Os avós xa van moi

maiores, a paga que teñen case non lles chega a eles. Eu non dou abasto para coidalos, teño que ir traballar, tantas horas na perruquería e logo arranxar con todo na casa, que eles non poden. E son case tres nenos, porque eles... Fan o que poden, axudan de boa fe, pero os anos... Os anos non pasan en balde e aos pobres, estanlle pasando con intereses de máis. Que se o lombo, que se aquela postura, os cadrís, a próstata... Non saen dos médicos, abáfanme... Pero son os meus pais. E ti, filliña, ti... quérote moitísimo, Rosiña, pero es esgotadora, raíña. Os avoíños ás veces non saben como coidarte e eu, eu non estou sempre na casa. Necesitas atención as vinte catro horas do día. Os cartos non dan para asistentas, nin quero, nin terás mentres eu estea aquí, contigo. ¿Quen mellor te ha coidar? Só as fins de semana, meniña, só dous días cada semana. Durante unha tempada, moi pouco, o tempo suficiente para que o vento sopra a favor e me erga, que ando polo chan. Mírame, filla, canto adelgacei. As curvas que eu tiña e agora estou nos ósos. As concas dos ollos, sombreadas coa maquillaxe do insomnio, no pensar día a día unha razón para erguerme da cama, e sempre me saes ti, filla. Pero necesito vivir tamén, que alguén te ampare durante un chisco, poder respirar, alentar, recargarme de enerxía, de gañas de aguantar. O mamalón non debe saber nada, ¿eh? Ti non lle digas nada. Un segredo entre as dúas. Teño demasiado orgullo para pedirlle axuda e así, enganado... Agora os avós necesítanme máis, seica o da avoíña é grave, ¿sabes? Díxome o médico que tal vez... Pobriña, ¿que has saber? Pero eu sei que me entendes, todo o que digo, ¿a que si? Sorrí, filla, sorrille a mamá, anda, que o necesita.

Rosa axuda a acomodarse a Rosiña no asento de atrás do vehículo, poñéndoa a escuadro e abrochándolle o cinto de seguridade. Dálle un bico na fronte e pásalle o dorso da man pola fazula, buscando a súa atención naqueles ollos inmersos en todos os outros mundos excepto neste.

-Só dous días... Xa verás que rápido pasan. Como os outros. ¿A que si? ¿A que non te decatases nin tan sequera dos outros?

Ponse no asento do piloto e acende o coche. Conduce de vagar, entre a multitude de coches que infestan as vías urbanas. As sereas de moitas fábricas soan ao fondo chamando á hora do xantar, nova quenda de operarios. Máis vehículos nas estradas. Coñece un par de atallos e intenta sortear as caravanas que comezan a medrar nos semáforos efémeros. Están atoadas. Paciencia. En breve chegará a unha entrada da autoestrada, alí poderá desafogar premendo até o fondo o acelerador. Pon música, baixiña, e vaina cantaruxando para distraerse, ollando de cando en vez polo espello

retrovisor a inexpresiva face de Rosiña, allea ás présas que semellan ter todo o mundo nas aforas dos cristais do coche. Poalla. Chove miúdo pero abondo, dificultando a visión. O bafo nos cristais. Pon a calefacción para eliminalo. A cen metros está a desviación, a entrada, xiro á esquerda, poñemos o intermitente e xa estará, pero.... ¡coidado! Freo en seco. Merda, case lle dá ao fulano que estaba a saír da rúa da esquerda. Non se lembraba dela, por un chisco... Non foi nada, un susto, frearon en seco os dous e máis nada. Foi o bafo, non me deixou ver, o despiste...

-Desculp...

-¡A ver se te fixas, foder! ¡Case me escarallas o coche!

-Home, tampouco é para poñerse así, non foi nada e...

-¡A cona non foi nada! ¿Non ves que teño eu preferencia? ¿Onde sacaches o carné, na tómbola? ¡Muller tiñas que ser, carallo!

Mírao en fite, batendo as mans dun lado ao outro, sentado no seu coche, sacando a cabeza pola xanela e berrándolle improprios, chamando a atención de condutores e transeúntes, alporizado, xesticulando violentamente, arrubiando por momentos, sen deixala abrir a boca. Soan bucinas impacientes. ¡Rematade dunha vez, estades atascando a rúa! Rosa engurra o sobrecello, crávalle os ollos, rabúñao coa mirada, ergue a man, lentamente, amosándolle o puño pechado e cara á arriba. El cala por fin, estrañado, desconcertado, non está acostumado a que lle leven a contraria. Nuria sempre permanece en silencio diante del cando el fala, escondendo as cores dos seus ollos. Ela di que si a todo e treme cando ergue a voz. A paifoca de Nuria que hoxe non estaba na casa cando el chegou famento. ¿Pero que se crerá esa...? ¿Por onde andará? Xa verá cando a colla hoxe á noite... Non dá aprendido. Preguntou e algún veciño dixera que a viran marchar había pouco, moi rara, falando soa e camiñando dando tombos, como se non soubese cara á onde ía, desorbitada, perdida nas súas propias beirarrúas, cunha gabardina fucsia, moi rechamante e raída.

Pero ¿que diaños...? O dedo corazón de Rosa salta como un resorte do seu puño pecho, tesó e desafiante. Ela sorrí provocadora.

-¡Que che dean, imbécil!

Pisa o acelerador e a roda desgasta no asfalto, soltando fume escuro, arrancando a toda velocidade en dirección á entrada da autoestrada, perdéndose nela. Ri a escachar, case ata chorar e mira polo espello retrovisor, cara á Rosiña. Ela tamén ri, tal vez contaxiada polas estrondosas gargalladas da súa nai. Tal vez non...

V.- NURIA (PECHANDO O CÍRCULO)

O limpaparabrisas pide outra marcha, a poalla comeza a ser máis intensa. Abana de esquerda a dereita e volve, constante, aclarando a visión dunha ponte de ferro peonil que se vai aproximando. Rosa segue co sorriso debuxado nos beizos, satisfeita. A silueta dunha figura envolta nunha destacable gabardina fucsia enchoupada destaca por riba da ponte. Diminúe a velocidade. Curiosidade. Captúranse a mirada nun fugaz instante, apegándose as meniñas a través da humidade da choiva. Palabras efervescentes, vaporosas mensaxes a aliviar o cumio de decisións.

-¿Víchelo? Seica o viches.

-Vino e non o merece.

O coche pasa por baixo da ponte, deixando tras de si carrís efémeros de auga que se esvaecen no asfalto, afastándose veloz.

Os camións brúan na distancia, achégase nova remesa. O momento, tal vez. Agora ou nunca, Nuria.

Como se a orde fose dada, aumentan a velocidade, ameazantes, póñense en paralelo, un tenta adiantar ao outro. É moi doado e moi rápido. A penas te decatarás. O asfalto chama. A ponte treme de novo. As máquinas espremen a súa potencia. Segundos. Un impulso Nuria e fin, acábase todo. Tubos de escape emitindo sinais de fume, avisando da eminente chegada. Ruído. Valor. Balbordo insoportable. Dignidade impagable. Gas a fondo. Batifondo metálico. Respecto.

Vanse. Practicamente lamberon as solas dos seus pés baixo a ponte de ferro. E vanse. Afástanse.

-Non o merece.

Rebusca no peto da gabardina e saca un papel. Un número de teléfono, un enderezo. Escribiuno apresa dun anuncio publicitario, ás agachadas, comesta coa vergoña de ser descuberta. A chuvia case escorrega a tinta sobre o papel, pero aínda está lexible. Azul borroso sobre fondo branco... dereitos... defensa... mulleres maltrat...

Desentumece os músculos, os ósos queixosos pola humidade e sepárase da varanda. Encamiñase cara á dereita. Unha cabina telefónica, por alí creu vela, sen dúbida. Para a choiva de súpeto. As nubes alixeiraron da súa carga escura e a súa cor comeza a esbrancuxarse.

Aló no fondo, sobre a ría, unha intrépida raiola de sol perforou o manto gasoso, facendo brillar a ardora dun mar sempre embravecido.